



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ANUNCIO DE LICITACIÓN PARA CONTRATACIÓN DE OBRAS DE ANDARES DO CONCELLO

Data de inicio da publicación deste anuncio no perfil do contratante: **20 de setembro de 2012**

1º.-Entidade adxudicadora:

a).-Organismo: Concello de A Estrada

2º.-Obxecto do contrato:

a).-Obxecto: obras de andares do Concello

b).-Lugares de execución: Termo Municipal de A Estrada

c).-Duración: 6 meses

3º.-Tramitación e procedemento

a).-Tramitación: Urxente.

b).-Procedemento: Negociado con publicidade

4º.-Orzamento de execución por contrata:

O valor estimado do contrato, de conformidade co previsto no artigo 88 do TRLCSP, e que non inclúe o IVE, é de 381.276 euros.

O tipo de licitación, que si inclúe o IVE, é de 461.343,96 euros (381.276 euros, máis o 21 % de IVE, que son 80.067,96 euro).

Este contrato tramitarase como compromiso de gasto de carácter plurianual, a desenvolver nos exercicios 2012 e 2013. No presente ano executarase a cantidade de 208.616,04 €, e no ano 2013, 252.727,92 €. Tal e como esixe a normativa de aplicación a autorización e o compromiso deste gasto subordinarase ó crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos municipais. En todo caso, non se procederá á adxudicación do contrato ata que sexa aprobado polo Concello Pleno o aumento da porcentaxe de gasto imputable ó vindeiro exercicio 2013.

Non hai revisión de prezos

5º.-Criterios de adxudicación:

-Prezo

-Variantes [mellora nos materiais a empregar]

-Memoria construtiva e programa de traballo

-Ampliación do prazo de garantía

-Memoria de seguridade e saúde

-Diminución do prazo de execución



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

6º.-Garantías:

- a).-Provisional: Non se esixe
- b).-Definitiva: 5% do importe de adxudicación excluído o IVE

7º.-Obtención de documentación e información, e lugar de presentación de documentación:

- a).-Entidade: Rexistro Xeral do Concello de A Estrada
- b).-Enderezo: Praza da Constitución nº 1
- c).-Localidade e Código Postal: A Estrada. C.P. 36680
- d).-Teléfono: 986 57 01 65
- e).-Fax: 986 57 02 33

Información relativa ós Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares poderá obterse na Secretaría do Concello

Información relativa ó Proxecto poderá obterse no departamento de Urbanismo do Concello

8º.-Requisitos específicos do contratista:

Clasificación grupo C, subgrupo 4, categoría d

9º.-Presentación das ofertas:

-Data límite: Ata o 13 día natural seguinte ó de publicación deste anuncio no Perfil do contratante. Caso de ser domingo ou festivo: ata o seguinte día hábil

10º.-Apertura de ofertas:

O día e hora da apertura pública das ofertas será anunciado previamente polo Concello cunha antelación de cando menos 24 horas, mediante a publicación de anuncio no Perfil do Contratante.

11.-Gastos do expediente:

Sen prexuízo doutros que lle puideran corresponder, serán por conta do adxudicatario os gastos de publicación que puidera xerar o procedemento

A Estrada 20 de setembro de 2012

O ALCALDE

Ass.: José Carlos López Campos

